


RÍO LÉREZ

(Adela Leiro, Mon Daporta)




NACEMENTO E FONTES	Monte do San Bento, na Serra do Candán, a 900 km de altitude.
LONXITUDE	60 km
PERCORRIDO	Poboacións: Acibeiro, Cerdedo, Pedre, Pontevedra
DESEMBOCADURA	Ría de Pontevedra (Océano Atlántico)
CONCA SERRAS MÁIS IMPORTANTES	Superficie: 449,5 km ² Concellos: Forcarei, Cerdedo, A Estrada, Campo Lameiro, Cotobade, Barro e Pontevedra NORTE: Montes Castrove, Acibal, Cádavo, Penas SUR: A Fracha, A Castrelada, O Cando, A Costoia. LESTE: Serra do Candán
AFLUENTES DEREITA	Sorribas, Couto Ladeiras, Quireza, Grande, Calvos, Maneses, Gargalláns, Fontáns, Rons. Río Quireza: nace nas Pedras Brancas (A Portela-A Estrada) e xúntase co Lérez pasado Pedre.
AFLUENTES ESQUERDA	Ponte Freixeira, Castro (co Ventoxo e o Seixo), Porto das Cubas, Cabaleiro, Tenorio, Almofrei, Tomeza ou dos Gafos. Río Castro: nace na aba oeste da serra do Cando e xúntase co Lérez en Cerdedo. Río Almofrei: nace ao pé da serra do Cando e despois de 26 km de percorrido desemboca no Lérez en Bora (Pontevedra). É o afluente máis longo de de máis caudal do Lérez.
FENÓMENOS XEOLÓXICOS DESTACADOS	O Lérez descende desde a Serra do Candán con fortes pendentes encaixándose e abríndose repetidas veces ao longo dos seus cursos alto e medio, para discorrer lentamente no seu curso baixo. Forma un amplo esteiro no fondo da ría de Pontevedra. No seu percorrido abundan as fallas que dan lugar a numerosas fervezas.
CLIMA	Atlántico, con precipitación máis abundantes no curso alto.
TIPO DE RÉXIME	Pluvial. O mes de augas máis altas é febreiro e o de maior estiaxe, setembro.
CAUDAL	21,2 m ³ /s
FLORA	Nos bosques do Lérez atópanse amieiras, salgueiros, freixos, sabugueiros, sanguíños, carballos e no curso baixo eucaliptos e mimosas. Nas augas remansadas hai espadainas, lirios, oucas, lentellas de auga, bricios, espigas de auga, <i>Myriophyllum</i> , pe de boi... e nas beiras fentos (dentabrú, fento macho, fento femia, <i>Blechnum</i> ...), herba salgueira, lúpulo, hedras, valdeba, silva, salgueiriño, amarelle, menta de auga, violeta, reina, adelfiña, molinia...
FAUNA	Nas augas do Lérez hai troita, salmón, escalo, anguía, reo e na zona de influencia das mareas, muxes. Tamén hai unha boa representación de réptis, anfibios, aves, mamíferos e insectos.
APROVEITAMENTO	Subministro de auga para as poboacións, a agricultura e a industria, pesca, enerxía eléctrica. A cidade de Pontevedra e varias vilas das dúas marxes da ría abastécense de auga do Lérez e do encoro do Pontillón de Castro, no seu afluente o Rons. Centrais: Almofrei e Lérez Balneario de San Xusto (Cotobade). Pechou en 1934, aínda que algunhas persoas seguen empregando a súa auga. As augas abrollan ao pé do Lérez e empréganse en baños (para a pel) ou bebidas (para problemas dixestivos). Fonte do Lérez: construída a comezos de século e actualmente abandonada. As augas abrollan a carón do río e empregáronse en bebida para problemas do aparello dixestivo.
ESPAZOS PROTEXIDOS	O Lérez está protexido como Zona de Especial Protección dos Valores Naturais e LIC en dous tramos, o "Río Lérez", desde San Xurxo de Sacos ata a cidade de Pontevedra, "Serra do Cando", desde Cerdedo a Aciveiro e "Serra do Candán" nas proximidades do nacemento.
DATOS HISTÓRICOS	Ao longo do curso do Lérez consérvase un rico patrimonio etnográfico e histórico: mosteiros de Acibeiro (Forcarei) e Lérez (Pontevedra), pontes, muíños, serrerías, núcleo histórico de Pontevedra...
TRADICIÓNS-LENDAS	<i>Sempre te encontro lavando no río Lérez Lixeiro. Quen me dera ser o río onde te lavas primeiro</i> (cantiga popular)

CURIOSIDADES	En Monteporreiro houbo, a comezos do século XX unha empresa que embotellaba augas dos mananciais medicinais que abrollan a carón do río co nome de "Augas do Lérez".
PROBLEMAS	Contaminación, presas que alteran o curso do río e os ecosistemas, especies invasoras...

RÍO LÉREZ

NACEMENTO: San Bento (Serra do Candán)



DESEMBOCADURA: Ría de Pontevedra (Océano Atlántico)